



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 33 /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES DO ESTUDANTADO DO GRAO DE TURISMO E DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS E GRAO EN TURISMO, CURSO 2021/22.

Na Coruña, a 20 de maio de 2022

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da nomeada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

1. Que a Universidade da Coruña é unha institución destinada ao servizo público da educación superior dotada de personalidade xurídica propia e cuxos estatutos contemplan, entre as súas funcións, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para creación artística.
2. Que a Universidade da Coruña contempla no seu plan de estudos do grao en Turismo e no Programa de simultaneidade grao en ciencias empresariais grao en turismo a materia "Prácticas en Empresa" como obrigatoria do último curso.
3. Que o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, establece que as prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación

académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento. Así mesmo, no artigo 6 di que o proxecto formativo de cada práctica académica externa deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, e en todo caso, procurar que o proxecto formativo se conforme seguindo os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

4. Que a Deputación da Coruña xa colaborou e colabora coa UDC no desenvolvemento de estudos de posgrao, mediante a subscrición de convenios que incorporaban no seu obxecto o financiamento de bolsas en prácticas para os alumnos do Mestrado universitario en planificación e xestión de destinos e novos produtos turísticos, a realizar na sede da Deputación, e está interesada en continuar contribuíndo á formación de alumnos da Universidade da Coruña na área de turismo e así conseguir profesionais debidamente capacitados e preparados para a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Por todo isto, acordan subscribir o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes.

CLÁUSULAS

I. OBXECTIVO XERAL

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas curriculares contempladas no plan de estudos do grao en Turismo (4º curso) e no programa de simultaneidade grao en Ciencias Empresariais e grao en Turismo (5º curso) do curso 2021/22, mediante a oferta ao alumnado que os realicen de ata dúas bolsas en prácticas, na Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña, cunha duración máxima de 4 meses, é dicir, 600 horas de formación práctica.

II. ALUMNADO EN PRÁCTICAS

O alumnado realizará as prácticas na Deputación Provincial da Coruña (presencial ou telemáticamente). A Universidade da Coruña colaborará unicamente na súa selección. A concesión das prácticas desenvolverase sobre a base das seguintes directrices:

A) Requisitos do alumnado

- **Nacionalidade:** Posuír, con carácter preferente, a nacionalidade española ou a nacionalidade dalgún país membro da Unión Europea.
- **Cualificacións:** Estar matriculado no último curso do grao en Turismo ou no programa de simultaneidade do grao de Ciencias Empresariais e grao en Turismo.
- **Linguas:** Para sacar todo o proveito posible das prácticas e realizar ben as súas tarefas:
 - o O alumnado dos Estados membros da Unión Europea deben ter un bo coñecemento de, polo menos, dúas linguas europeas, unha delas debe ser unha das linguas de traballo da Comisión Europea (inglés,

francés ou alemán), aínda que se valorará especialmente o coñecemento do inglés.

- Os bolseiros dos Estados non membros deben ter un bo coñecemento do inglés.
 - Os coñecementos das linguas mencionadas, distintas da lingua materna, deberán ser acreditadas convenientemente (por exemplo, mediante títulos, certificados, probas de que se estudou a lingua en cuestión, etc).
- **Non estar separado do servizo** de ningunha administración ou institución como consecuencia dun expediente disciplinario.

B) Solicitudes

As persoas candidatas ás bolsas para a realización de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña formularán as súas solicitudes no modelo normalizado que se facilitará pola Comisión de prácticas do grao en Turismo.

As solicitudes deberán estar acompañadas da seguinte documentación:

- Un currículo, acompañado de cantos documentos e certificacións poidan avalalo.
- Unha declaración xurada de non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.
- Unha fotocopia do DNI/NIE ou do pasaporte.

O prazo para a presentación de solicitudes será o que determine a Comisión de Prácticas do grao en Turismo e do Programa de simultaneidade do grao en Ciencias Empresariais e grao en Turismo.

C) Selección

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión de composición paritaria, integrada por representantes da Deputación Provincial da Coruña e da Universidade da Coruña.

Alén do exame da documentación presentada, a comisión poderá convocar aos solicitantes a unha entrevista persoal.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polas persoas candidatas nas súas solicitudes que non estean acreditados documentalmente.

A comisión propondrá ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña unha relación das persoas candidatas seleccionadas para o seu nomeamento, e engadirá as persoas suplentes que considere oportuno.

No caso de que algún dos alumnos, por calquera motivo, non poida iniciar ou non queira seguir prestando a súa colaboración, ou se a Deputación Provincial da Coruña decidise resolver a concesión dalgunha bolsa, o bolseiro será substituído pola seguinte persoa candidata na listaxe ou, se fora o caso, seleccionar un novo bolseiro.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento das súas bases e das súas condicións, que se recollen no presente convenio. O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha delas, sen causa debidamente xustificada, suporá a perda da bolsa concedida e, se fora o caso, o reintegro das cantidades que se percibisen indebidamente.

As prácticas teñen unha finalidade formativa. A condición de bolseiro en ningún caso poderá considerarse ou dará lugar a relación laboral ou administrativa coa Deputación Provincial da Coruña.

D) Dereitos e deberes do alumnado en prácticas

1. Incorporación

Os alumnos incorporaranse á Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña, no prazo establecido na notificación da adxudicación das prácticas. O alumnado que non se incorporase no prazo establecido perderá os dereitos inherentes ás prácticas, agás por causa xustificada de atraso apreciada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

2. Duración das prácticas

As prácticas terán unha duración máxima de 4 meses, é dicir 600 horas, que se desenvolverán durante o curso académico 2021/22, a partir da sinatura deste convenio.

3. Lugar de desenvolvemento das prácticas

O alumnado realizará as prácticas de forma presencial nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña, e se fose preciso, debido á situación actual provocada pola pandemia, poderá realizarse a formación a distancia en formato on line, é dicir, teleformación.

4. O proxecto formativo

O proxecto formativo no que se concreta a realización de cada práctica académica externa debe fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver (ver ANEXO 1), de xeito que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

A súa actividade de prácticas formativas será dirixida e supervisada polo persoal adscrito á sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña.

Para cada bolseiro en prácticas, designarase unha titoría, que corresponderá á persoa que ostente a xefatura da sección. A titoría poderá encargarse de varias persoas en prácticas. A titoría deberá guiar á persoa baixo a súa responsabilidade durante as prácticas e ofrecer o seu asesoramento. A titoría deberá informar inmediatamente ao director/a do servizo correspondente sobre calquera incidente significativo durante as prácticas (en particular, insuficiencias profesionais, ausencias, enfermidades, comportamentos inapropiados ou a interrupción das prácticas) que constatará ou do que fora informado pola persoa en prácticas.

A persoa en prácticas deberá cumprir as instrucións da titoría ou dos seus superiores nos servizos correspondentes.

Por parte da Universidade da Coruña, a titoría corresponderá a Carlos Rodríguez Carro . Por parte da Deputación da Coruña, a titoría será ocupada pola persoa que desempeña a xefatura da sección de Turismo.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a facilitar os medios materiais, técnicos e humanos que foran precisos para a adecuada realización da formación práctica.

5. Confidencialidade

As persoas en prácticas deberán observar a maior discreción en relación cos feitos e a información dos que teñan coñecemento durante as súas prácticas. Non

revelarán, en modo algún, a persoas non autorizadas ningún documento ou información que aínda non fora feita pública. Quedarán vinculados por esta obriga incluso unha vez acabadas as súas prácticas.

As persoas en prácticas non deberán ter ningunha relación profesional con terceiros que sexa incompatible coas súas prácticas (por exemplo, non deben traballar con lobbies, etc). Se xurdira un conflito de intereses durante as prácticas, informarán inmediatamente por escrito ao seu titor/a e ao seu director/a de servizo correspondente.

6. Ausencias

6.1. Días libres

As persoas en prácticas deberán desenvolver a súa actividade no horario normal de oficina dos servizos provinciais e terán dereito aos días festivos oficiais correspondentes que haxa durante as súas prácticas.

6.2. Ausencia en caso de enfermidade

No caso de enfermidade, as persoas en prácticas deberán avisar inmediatamente á titoría e, se a ausencia é superior a tres días, deberán presentar un informe médico acreditativo da situación de enfermidade.

6.3. Ausencia inustificada

Cando o interesado se ausente sen xustificación ou sen informar á titoría e ao seu director/a correspondente, a sección de promoción e desenvolvemento poderá pedirle por escrito que informe no prazo dunha semana a partir da recepción desta comunicación escrita, do motivo da ausencia. A persoa en prácticas deberá entón facilitar unha xustificación axeitada para a súa ausencia non autorizada. Estes días de ausencia deduciranse automaticamente dos días libres aos que ten dereito. O Presidente da Deputación, despois de consultar ao director/a do servizo correspondente, poderá decidir, tras examinar a xustificación aducida ou se non recibira xustificación ao termo do prazo mencionado, poñer fin ás prácticas sen pre aviso.

7. Interrupción

En circunstancias excepcionais, despois da petición escrita da persoa en prácticas e por motivos debidamente xustificadas, o director/a do servizo correspondente poderá autorizar a interrupción das prácticas durante un período de tempo determinado. En tal caso, suspenderase a bolsa.

A persoa en prácticas poderá regresar para completar a parte non finalizada das prácticas, pero só ata o final do período de bolsas aprobado.

8. Resolución do período de prácticas

No caso de que a Deputación Provincial da Coruña estimara que un alumno non se adapta a ela ou non avanza adecuadamente no proceso de prácticas formativas, comunicaráo ao Director do grao en Turismo ou do Programa de simultaneidade do grao en Ciencias Empresariais e grao en Turismo e poderá resolver en calquera momento a concesión da bolsa, após a audiencia do bolseiro.

Se un alumno non quixera seguir prestando a súa colaboración nas actividades que son obxecto das prácticas, deberá comunicalo mediante un escrito motivado e dirixido ao Presidente da Deputación da Coruña, que deberá ser presentado no rexistro da citada institución, antes da data en que desexe abandonar as súas actividades de formación e concluír a bolsa.

9. Informes e certificados

Ao remataren os períodos de formación práctica, os alumnos realizarán unha memoria detallada das actividades que desenvolveron (ver ANEXO 3 e 6), que serán avaliadas pola titoría cun informe. En función deste informe de avaliación da titoría (ver ANEXO 4 e 5), a Deputación da Coruña expedirá o oportuno certificado acreditativo, que fará referencia ao presente convenio e indicará as datas do período, a actividade desenvolvida e o servizo no que estiveran destinados.

E) Seguro do alumnado en prácticas

Os alumnos en prácticas están incluídos na vixente Póliza de Seguro de accidentes conforme a redacción da cláusula 3 da mesma.

F) Sancións e medidas disciplinarias

1. Rendemento insuficiente

A raíz dunha solicitude xustificada presentada pola titoría e aprobada polo director/a do servizo correspondente, poderase poñer termo ás prácticas se o rendemento profesional ou o coñecemento das linguas de traballo son insuficientes para a execución axeitada das tarefas encomendadas.

2. Declaracións erróneas

O director/a do servizo correspondente resérvase o dereito de poñer termo ás prácticas si, en calquera momento, se demostra que a persoa en prácticas fixo, con coñecemento de causa, declaracións erróneas ou falsas, ou facilitou documentos falsos ao presentar a súa candidatura ou durante o período de prácticas.

III. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

A partir da sinatura do presente convenio, ambas as partes, de común acordo, constituirán unha comisión mixta de seguimento con representantes designados por elas en réxime de paridade.

A comisión mixta de seguimento reunirse sempre que o solicite unha das partes e remitiralles informes e propostas aos órganos reitores de cada unha delas.

IV.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A realización das prácticas formativas non será retribuída, polo que a firma deste convenio non supón achega económica algunha.

V.- DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica deste convenio corresponderá á persoa que ostente a xefatura da sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña.

VI. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará vixente no curso académico 2021/22, cunha duración máxima de 4 meses a partir da sinatura do mesmo.

VII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das

administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm. 22906 do 11 de mayo de 2022.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,**

**O REITOR DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Valentín González Formoso

Julio E. Abalde Alonso

**O SECRETARIO ACCIDENTAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez

ANEXO 1

O proxecto formativo no que se concreta a realización de cada práctica académica externa debe fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver, de xeito que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

A formación que recibirán os alumnos universitarios en prácticas, sempre dirixida e supervisada pola titoría, será sobre as principais liñas de actuacións da sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña:

- Planificación da estratexia turística provincial e municipal. Trátase de que os alumnos poidan ver in situ os procedementos e accións a desenvolver pola sección como proxectos de apoio a concellos e de promoción turística provincial, en particular a especial xestión do Patrimonio provincial.
- Organización e asistencia a feiras, congresos, fóruns, etc. de turismo. As feiras de turismo son unha gran vía de promoción de destinos turísticos e a Deputación da Coruña conta cun calendario de participación nas mesmas. Os estudantes en prácticas participarán nas tarefas de organización (contacto e coordinación cos concellos da provincia, xestións coa entidade organizadora, promoción previa nas redes sociais, ...). Deste xeito, os alumnos poderán ver en primeira persoa todos os aspectos organizativos, de xestión, de participación, de contactos con outras entidades que se producen habitualmente nas feiras ás que asiste a Sección de Turismo da Deputación.
- Asistencia telefónica ao persoal técnico de turismo dos concellos da provincia, e tamén a través de reunións de coordinación, apoio na xestión de eventos turísticos, mesas sectoriais de turismo, etc. O obxecto é que os alumnos poidan adquirir experiencia no trato coas administracións e demais axentes de desenvolvemento turístico implicados na promoción turística do territorio.
- Promoción turística en medios de comunicación escritos e dixitais, a través de publicacións, publireportaxes, anuncios, encartes, etc. A promoción vía redes ou prensa constitúe un dos piares básicos na difusión turística, polo que os alumnos poderán ver as negociacións cos devanditos axentes, prezos, actividades, deseño e redacción de artigos, etc.
- Deseño de guías e folletos turísticos da provincia. Os alumnos poderán aprender os criterios a seguir na estratexia de imaxe corporativa da sección, as liñas de promoción principais en cada exercicio, selección de fotografías, redacción de textos. etc.
- Coordinación do programa de turismo escolar, organizando visitas guiadas ao patrimonio provincial e municipal, orientadas a dar a coñecer os recursos territoriais aos rapaces. O alumnado poderá ver os procedementos organizativos das actividades de turismo escolar, o xeito de contactar cos colexios, aspectos organizativos, memorias de resultados das actividades, etc.
- Dotación de contidos na páxina web e redes sociais da sección de turismo. A sección de turismo conta cunha nova páxina web, que é preciso actualizar con contidos novos a diario, dando a posibilidade aos concellos da provincia de promocionar os eventos e novas turísticas municipais, e igualmente coas redes sociais de turismo. Os estudantes formaranse neste eido e servirán de apoio no proceso de alta de usuarios municipais na web, así como na procura de novas ideas para contidos que promocionen a provincia.
- Resolución de consultas e peticións de material turístico dos particulares, a través do correo electrónico ou telefonicamente, chegan peticións á sección de particulares que demandan información turística. Os estudantes formaranse nos procedementos de resposta e nas tarefas de xestión da información turística.

- Apoio na documentación de propostas e no procedemento administrativo dos expedientes. O persoal técnico da sección explicará aos estudantes os diversos procedementos de contratación, para que realicen tarefas de apoio na xestión administrativa dos expedientes.

ANEXO 2

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS DO CURSO 2021/22

O/A alumno/a abaixo asinante declara a súa conformidade para realizar prácticas ao amparo do convenio firmado entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña, aceptando as cláusulas contempladas no mesmo.

- ALUMNO/A:
- DNI Nº:
- CURSO QUE REALIZA:
- PERIODO DE PRÁCTICAS:
- XORNADA DE PRÁCTICAS:
- DEPARTAMENTO:
- TITORÍA POLA ENTIDADE:
- TITORÍA POLA UDC:

A Coruña, a _____

Alumno/a

UDC

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ANEXO 3

INFORME PARCIAL PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO

Informe parcial de alumnado relativa ao convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas entre a Universidade da Coruña e _____

Datos estudante:

Nome e apelidos	
DNI	
Estudante de	Grao en Turismo
Centro universitario	Facultade de Filoloxía

Datos da entidade colaboradora

Entidade colaboradora	
Área/Departamento/Servizo	
Período de prácticas analizado neste informe	

Tarefas desenvolvidas durante o período (resumen de funcións)

Valoración das tarefas desenvolvidas e funcións realizadas

Relación dos problemas atopados e dos procedementos seguidos para resolvelos

Observacións sobre as prácticas ata o momento

Data e firma

A Coruña, _____

Asdo: _____

SRA. DECANA DA FACULTADE DE TURISMO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 4

INFORME PARCIAL TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

O/a titor/a _____ con DNI.: _____,
nomeado/a pola
entidade/empresa _____

Informa sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas
externas polo alumno/a:

Apellidos e Nome: _____

DNI: _____

Centro: Facultade de Filoloxía

Titulación: Grao en Turismo

Período de prácticas analizado neste informe: _____

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas
analizado ata o momento adecuáronse ao lo establecido en proxecto formativo e
merece a seguinte valoración:

	EXCELENTE	MOI BEN	BEN	REGULAR	DEFICIENTE
Nivel de coñecementos previos					
Grao de cumprimento do seu horario e tarefas					
Nivel de iniciativa					
Nivel de esforzo					
Calidade dos traballos realizados					
Capacidade para resolver problemas					
Nivel de competencia demostrado					
Nivel de integración na empresa / institución					

CONCLUSIÓNS PRELIMINARES SOBRE O VALOR DAS PRÁCTICAS ATA O MOMENTO

ASPECTOS NOS QUE O/A ALUMNA DEBE MELLORAR

A Coruña, _____

Asdo.:

SRA. DECANA DA FACULTADE DE TURISMO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 5

INFORME FINAL TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario. Remítalo por correo postal ou electrónico ao enderezo de contacto. Esta información será utilizada para a avaliación definitiva do/a estudante.

O/a titor/a D./D^a. _____ DNI: _____

Nomeado/a pola empresa/institución: _____

Informa sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo/a alumno/a: Apelidos e Nome : ____

DNI: _____

Centro:

Facultade de

Filoloxía

Titulación:

Grao en

Turismo

Período de realización das prácticas (datas):

Horas de prácticas realizadas: 600h.

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas adecuáronse ao establecido no proxecto formativo e merece a seguinte valoración:

	EXCELENTE	MOI BEN	BEN	REGULAR	DEFICIENTE
Nivel de coñecementos previos					
Grao de cumprimento do seu horario e tarefas					
Nivel de iniciativa					
Nivel de esforzo					
Calidade dos traballos realizados					
Capacidade para resolver problemas					
Nivel de competencia demostrado					
Nivel de integración na empresa / institución					

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

En _____ a ____ de _____

Asdo.: _____

SRA. DECANA DA FACULTADE DE TURISMO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 6

MEMORIA FINAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Memoria final relativa ao convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas entre a Universidade da Coruña coa entidade colaboradora _____ eo/a estudante _____

Datos del/la estudiante

Nome e apelidos	
DNI	
Estudiante de	Grado en Turismo
Centro universitario	Facultade de Filoloxía

Datos entidade colaboradora

Entidade colaboradora	
CIF	
Dirección onde se desenvolveron as prácticas	
Area/Departamento/Servizo	
Data inicio das prácticas	
Data fin das prácticas	
Número total de horas	

Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas

Valoración das tarefas desenvolvidas e dos coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios recibidos

Relación dos problemas atopados e dos procedementos seguidos para resolvelos

Identificación das melloras que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estancia de prácticas

Avaliación final de las prácticas e suxestións

Data e firma

A Coruña, _____

Asdo: _____

SRA. DECANA DA FACULTADE DE TURISMO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 7

INFORME TITOR/A ACADÉMICO/A DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario tendo en conta o informe presentado polo alumno/a e o informe da persoa titor profesional. Esta información será utilizada para a avaliación académica do/a estudante.

O/a titor/a académico/a D./Dña.: _____ con DNI: _____

INFORMA sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo alumno/a:

Apellidos e Nome: _____

DNI: _____

Centro:Facultade de Turismo Titulación: Grao en Turismo

Data de inicio das prácticas (día/mes/ano):

Data de fin das prácticas (día/mes/ano):

Que a labor do alumno/a merece a seguinte valoración:

Créditos solicitados: 24	Horas realizadas:	Créditos realizados: 24
Cualificación asignada ao informe presentado:		

CUALIFICACIÓN FINAL OUTORGADA:

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achege unha folla complementaria

A Coruña, _____

Asdo.: _____

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE TURISMO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**